



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Conservatorio Profesional de Música



Programación  
**DIDÁCTICA**  
**REPENTIZACIÓN**  
Grao Profesional



## Índice

---

<b>1.Introdución</b> .....	<b>4</b>
1.1.Marco Legal.....	4
1.2.Características do centro.....	6
1.3.Características do alumnado .....	6
<b>2.Obxectivos xerais das ensinanzas musicais</b> .....	<b>8</b>
2.1.Grao Profesional.....	8
<b>3.Obxectivos específicos das ensinanzas musicais</b> .....	<b>9</b>
<b>4.Obxectivos, contidos ,criterios de avaliación da materia de Repentización</b> .....	<b>10</b>
4.1 Sistema de control da asistencia do alumnado .....	11
<b>5. Metodoloxía</b> .....	<b>12</b>
5.1 Principios metodolóxicos.....	12
5.2 Métodos didácticos .....	13
<b>6. Atención á diversidade</b> .....	<b>14</b>
7. Temas transversais.....	15
7.1.Educación en valores.....	15
7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	15
<b>8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b> .....	<b>17</b>
8.1. Actos institucionais.....	17
8.2. Cursos e clases maxistras .....	18
8.3. Audicións.....	18
8.4. Outros.....	18
<b>9. Secuenciación por cursos</b> .....	<b>19</b>
9.1. Curso: 4º de grao profesional .....	19
9.1.1.Obxectivos .....	19
9.1.2. Contidos .....	19
9.1.3. Avaliación .....	21
9.1.3.1. Criterios de avaliación .....	21
9.1.3.2. Mínimos esixibles .....	23
9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación .....	23
9.1.3.4 Criterios de cualificación.....	24
9.1.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	25
9.1.5. Medidas de recuperación .....	25
9.1.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios .....	25
9.1.5.2 Proba ordinaria de xuño .....	26
9.1.5.3 Probas extraordinarias de setembro.....	26
9.1.6. Recursos didácticos .....	27



9.2. Curso: 5º de grao profesional .....	28
9.2.1. Obxectivos .....	28
9.2.2. Contidos .....	28
9.2.3. Avaliación .....	30
9.2.3.1. Criterios de avaliación.....	30
9.2.3.2. Mínimos esixibles .....	31
9.2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación .....	31
9.2.3.4. Criterios de cualificación.....	32
9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	32
9.2.5. Medidas de recuperación .....	32
9.2.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios .....	33
9.2.5.2. Probas ordinarias de xuño .....	33
9.2.5.3. Probas extraordinarias de setembro .....	34
9.2.6. Recursos didácticos .....	34
9.3. Curso: 6º de grao profesional .....	35
9.3.1. Obxectivos .....	35
9.3.2. Contidos .....	35
9.3.3. Avaliación .....	37
9.3.3.1. Criterios de avaliación.....	37
9.3.3.2. Mínimos esixibles .....	38
9.3.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación .....	38
9.3.3.4. Criterios de cualificación.....	39
9.3.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	39
9.3.5. Medidas de recuperación .....	39
9.3.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios .....	40
9.3.5.2. Proba ordinaria de xuño .....	40
9.3.5.3. Probas extraordinarias de setembro .....	41
9.3.6. Recursos didácticos .....	41
<b>10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>42</b>
<b>11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>43</b>
<b>12. Anexos.....</b>	<b>44</b>
12.1. Probas de acceso a outros cursos do grao profesional (5º e 6º cursos) ...	44
12.1.1. Normativa Xeral .....	44
12.1.2. Acceso ao 5º curso do grao profesional. Piano .....	45
12.1.2.1. Criterios de avaliación .....	45
12.1.3. Acceso ao 6º curso do grao profesional. Piano .....	45
12.1.3.1. Criterios de avaliación .....	46
12.1.4. Acceso ao 6º curso do grao profesional. Guitarra .....	46
12.1.4.1. Criterios de avaliación .....	47
12.2. Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais .....	47



# 1.Introdución

A presente Programación Didáctica de Piano está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos do grao elemental e dos seis de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de Piano de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materias e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantindo que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

## 1.1.Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os documentos legais que figuran a continuación, tendo presente o reflectido no Artigo 1.2 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Conservatorios que explicita *“Tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais, e aos centros privados de ensinanza de música e de danza en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela”*. Figuran clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **REAL DECRETO 428/2013, do 14 de xuño**, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e Danza
- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **CIRCULAR 6/2012** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determinan as titulacións mínimas esixibles para a im-



partición das ensinanzas regradas de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. , e nos centros autorizados

- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



## 1.2. Características do centro

A creación do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa ven reflectida no Decreto 222/2000, de 13 de setembro, e autorizada a súa posta en funcionamento pola Orde do 6 de xullo de 2005, ámbalas dúas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

É un centro público e oficial no que se imparten na actualidade os graos elemental e profesional das ensinanzas de réxime especial de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Sito no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, na Avda. da Mariña nº 27.

O centro sitúase na bisbarra do Salnés. A actividade musical da zona xira en torno á existencia deste centro, de bandas de música, asociacións culturais e coros. Existe en Vilagarcía de Arousa, e tamén de titularidade municipal, unha Escola Municipal de Música así coma escolas de música privadas. O mesmo sucede noutros municipios da comarca.

O propio Conservatorio e o Concello de Vilagarcía de Arousa, programan actividades musicais. A cidade carece de fonoteca pública e de biblioteca musical especializada (a excepción da do propio centro).

A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realízanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, Masterclass, Seminarios, conferencias e cursos de especialización, e outros.

A ensinanza que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa é a de música, regulada pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanzas profesionais de música, sendo na Comunidade Autónoma de Galicia os decretos polos que se regula o grao elemental e profesional o 198/2007, do 27 de setembro, e 203/2007, do 27 de setembro.

## 1.3. Características do alumnado

O centro conta cunha media de 125 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría do alumnado pertence ao Concello de Vilagarcía de Arousa aínda que tamén é salientable o número de alumnos doutros concellos limítrofes.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- O interese polo estudo dunha especialidade instrumental.
- A calidade da ensinanza.



– A localización do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.



## 2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

### 2.1. Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.





### **3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais**

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllese no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, aprofundando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.



## 4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación da materia de Repentización

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, estes pódense consultar no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A práctica musical que se realiza baixo o nome de “acompañamento” caracterízase pola necesidade de interrelacionar capacidades, coñecementos e destrezas que por si mesmas constitúen ámbitos de coñecementos propios.

A finalidade desta disciplina deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (repentización, transposición, realización de cifrados, etc.) por ser comúns todos eles á función de acompañar.

De acordo co anterior, consideraranse prioritarios os procedementos e os modos de “saber facer”. Sendo estes de distinta natureza, articularanse ó redor de tres eixos principais:

- Unha certa destreza na técnica de execución, é dicir, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determinan, adquiridos mediante a práctica diaria ó longo dos anos iniciais da educación instrumental.
- Plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos.
- A capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas. Dado que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso práctico de consolidación do pensamento harmónico e da capacidade de realización en tempo real, o conxunto de coñecementos que a integran deben estar intimamente relacionados a través dun enfoque pedagóxico común, aínda que na práctica debe ser disgregado en diversos bloques. A saber:
  - Práctica da repentización: Procedemento que permite a realización instantánea dun texto musical despois dunha análise previa.
  - Destreza na transposición: Procedemento que permite adecuar a tonalidade á tesitura do solista, facilita a lectura de partituras e contribúe ó enfoque sintético que aporta a lectura harmónica.
  - Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado americano, cifrado funcional); todos eles como práctica de acompañamento a unha melodía. Dita práctica permite relacionar de xeito inmediato os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental, e, por esixir un certo grao de creatividade, supón un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita.
  - Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan, por medio de ambos os dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.



## 4.1 Sistema de control da asistencia do alumnado

Co obxectivo de controlar a asistencia do alumnado ás actividades lectivas deste centro, contabilizaranse as faltas de asistencia do seguinte xeito:

O alumnado que supere as **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que poidan acontecer.

**Materias de 1 sesión semanal:** Instrumento, Piano complementario, Orquestra, Conxuntos, Novas tecnoloxías aplicadas á música, Itinerario de Fundamentos de Composición, Técnicas de Composición aplicadas á didáctica, Repentización e acompañamento, Música de cámara, Educación auditiva e vocal e Coro.

**Materias de 2 sesións semanais:** Linguaxe musical (elemental e profesional), Harmonía, Análise e Historia da música.



## 5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza da RTA, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o/a profesor/a en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos. Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

### 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da materia de RTA require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais e nos ensaios que se poidan realizar, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os/as nosos/as alumnos/as non repitan soamente o que dicimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinabilidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación



## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo/a alumno/a realízase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.



## 6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os/as alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os/as alumnos/as aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Repentización teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que expoñan diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Expor actividades de diferente dificultade e integrar aos/ás alumnos/as na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo próximo ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.



## 7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

### 7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarámola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do/a consumidor/a** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarámola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos/ás compañeiros/as, ao material da aula, ao/á profesor/a, etc.

### 7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha reno-



vación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Na materia de Repentización o alumnado poderá apoiarse no uso das TIC's tanto para o traballo na casa como nas clases.

Algunhas actividades desta materia nas que empregaremos as TIC's como accesorio son:

- Busca, escoita e visualización de videos, música, cancións para acompañar, improvisar, etc. ...
- Interpretación de temas de jazz acompañando ó video de Youtube





## 8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Segundo o establecido no Proxecto Educativo de Centro en referencia ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

A. Terán a consideración de actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo Conservatorio, de acordo cos seus proxectos e programacións e que teñen un carácter diferenciado das actividades propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Son actividades complementarias fixas as seguintes:

- Audicións
- Concertos trimestrais e finais
- Aqueloutras que así o determine o centro a través dos órganos competentes.

B. Terán a consideración de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ó seu entorno e á procura da formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaránse, sempre que sexa posible, fora do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Son actividades extraescolares as seguintes:

- Os intercambios educativos/culturais con outros centros
- As viaxes, excursións ou saídas culturais
- Os cursos ou cursiños
- Aqueloutras que así o determine o centro a través dos órganos competentes.

C. Poderanse organizar outras actividades no centro a proposta de calquera membro da comunidade educativa que sexan de interese tanto para o centro coma para os destinatarios aos que vai dirixida. En calquera caso as propostas doutras actividades deberán seguir os puntos enumerados anteriormente no apartado que corresponda.

O alumnado do centro terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende os distintos Departamentos, agás nas audicións, onde si deberán participar.

### 8.1. Actos institucionais

Dende hai xa varios cursos académicos temos xa institucionalizados unha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do alumnado do centro sería nos seguintes actos:

- Concerto de Santa Cecilia: Terá lugar ao redor do 22 de novembro de cada ano.
- Concerto de Nadal : a celebrar na dúas semanas anteriores ás vacacións de Nadal.



- Concerto das Letras Galegas: coincidindo coa celebración desta data no mes de maio de cada ano.
- Concerto Fin de Grao: a celebrar a finais do mes de maio de cada ano, en ocasións coincidindo co Concerto das Letras Galegas.
- Concerto de Fin de Curso: a celebrar antes da avaliación final do curso.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

## **8.2. Cursos e clases maxistras**

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez propostos no departamento correspondente trasladaranse ao Claustro de profesores e Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que os diferentes departamentos teñan algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

## **8.3. Audicións**

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o centro organizará audicións públicas de alumnos/as que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso.

O centro organizará dous ou tres períodos de audicións anuais, nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o/a seu/súa profesor/a lle asigne, sexa en grupo ou como solista.

## **8.4. Outros**

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, ou ben polo Concello de Vilagarcía de Arousa a través dos distintos departamentos ou Concellerías. O profesorado poderá propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.



## 9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Repentización por cursos.

### 9.1. Curso: 4º de grao profesional

#### 9.1.1. Obxectivos

- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras analizando e recoñecendo a súa estrutura harmónica, seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
- Improvisar unidades formais a partires dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partires ou non dun baixo cifrado.

#### 9.1.2. Contidos

##### Contidos xerais

- Coñecemento e práctica de estruturas harmónicas básicas con variantes rítmicas de progresiva dificultade.
- Análise e repentización de partituras de diferentes épocas e estilos.
- Técnica e mecánica tradicional do transporte e a súa aplicación.
- Coñecemento e práctica dos cifrados harmónicos básicos máis habituais correspondentes á harmonía tonal e a súa aplicación para levar a cabo distintas tarefas, a saber:
  - Realización no teclado de baixos cifrados barrocos.
  - Realización de cifrados americanos para acompañar melodías
  - Aplicación de cifrado de acordes para facilitar a redución de partituras de formacións vocais ou instrumentais.



## Contidos específicos

### **Improvisación e creación:**

#### ***Harmónico-rítmica***

- Exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade, utilizando todas as posicións dos acordes nunha extensión de catro a oito compases.
- Acordes a empregar: triadas maiores, menores, triada con 7ª sobre o V grao e as súas inversións (só dominante principal), para aplicar a melodías.
- Variantes rítmicas: compases binarios, ternarios e cuaternarios de subdivisión binaria e ternaria utilizando diversas figuracións rítmicas cos seus respectivos silencios.
- Tonalidades: Ata catro alteracións e os relativos menores correspondentes.
- Procesos de modulación: Flexión modulante pola dominante. Por cambio de modo
- Procesos cadenciais: Perfecta. Rota. Plagal. Semicadencia
- Exercicios con diversas combinacións dos acordes cunha extensión de 4 a 8 compases, utilizando unha harmonía por compás.
- Acompañamentos harmónico-rítmicos a una melodía proposta. Se traballará de dous xeitos diferentes:
  1. . O/A propio/a alumno/a toca a melodía coa man dereita e se acompañará coa esquerda.
  2. . O/A alumno/a realizará o acompañamento coas dúas mans e o/a profesor/a tocará ó mesmo tempo a melodía.
- Creación de melodías aplicadas ós esquemas harmónicos propostos na clase e os acompañamentos melódico-rítmicos realizados para as melodías propostas.

#### ***Melódica***

- Desenvolvemento melódico en base a unha estrutura harmónica.
- Notas reais e de adorno: estudo das notas de paso e floreo e a súa aplicación práctica nos exercicios.

### **Análise e repentización:**

#### ***Análise***

- Análise formal, harmónica e rítmico-melódica de partituras de tipo sinxelo e diferentes estilos, adecuándose a un nivel técnico propio do 4º curso do GE (exemplos: Czerny, Burgmuller, Ana Magdalena, Clementi, Haydn, Beethoven (sonatinas, pequenas formas), Schumann (escenas de nenos/as)

#### ***Repentización e transposición***

- Lectura a vista e transporte de pezas sinxelas (nivel de 4º GE) partindo dunha análise previa.



- Práctica e transporte de estruturas harmónicas nas tonalidades ata tres alteracións.
- Coñecementos teóricos: claves, armaduras, diferenzas e a súa utilidade práctica.

### **Aproximación ó cifrado harmónico**

- Coñecemento e práctica dos conceptos seguintes: harmonía. Acorde. Movementos melódicos conxuntos e disxuntos. Movemento harmónico directo, oblicuo e contrario. Intervalos harmónicos consoantes e disonantes. Estados e posicións dos acordes. Graos de importancia dos acordes segundo sexa a súa función. Acordes completos e incompletos: supresións e duplicacións. Unión de acordes en estado fundamental. Inversións dos acordes: cifrados e enlaces. Cadencias: tipos. Marchas ou progresións e series.
- Acordes a tratar: maior, menor, diminuído e 7ª de dominante, fundamentais e invertidos.
- Relación entre os distintos cifrados: funcional, acordes, cifrado harmónico e cifrado americano.
- Práctica de todo o anterior dentro de baixos cifrados de corta extensión.
- Procesos modulatorios: ó ton da dominante e o relativo menor.

### **9.1.3. Avaliación**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo/a propio/a profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerese por unha serie de principios xerais como son:

- Obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística.
- Transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica.
- Accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

#### **9.1.3.1. Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera dos/as alumnos/as nun momento determinado respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais e específicos, neste caso, os propios da linguaxe musical.

O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixa-



dos, non debe ser medido de forma mecánica, se non con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumnado (curso formativo no que se encontra, así como as súas propias características e posibilidades).

- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado en partituras dun nivel de 4º curso de grao elemental. Mediante este criterio se valorará a capacidade do/a alumno/a para utilizar a análise como ferramenta básica para comprender harmonicamente unha obra e poder determinar os diferentes tratamentos a que está sometida polo compositor.
- Realización práctica dunha estrutura de catro compases, semicadencial ou de cadencia perfecta, levala a cabo con diferentes tratamentos rítmicos. Este criterio permite avaliar a capacidade do/a alumno/a para realizar de forma práctica e instrumental esquemas harmónicos cadenciais breves, empregando para elo acordes en estado fundamental e partindo como modelo de traballo da análise de fragmentos de partituras que conteñan precisamente este tipo de procesos. Tamén se poderá valorar a capacidade do/a alumno/a para utilizar a análise como ferramenta básica.
- Superposición a unha estrutura harmónica de catro a oito compases doutra estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta - resposta. Este criterio pretende avaliar a capacidade do/a alumno/a para crear, a partir de estruturas harmónicas dadas, diferentes estruturas melódicas consecuentes ás mesmas, así coma a súa habilidade para organizar de xeito lóxico o fraseo resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que poidan organizarse en forma de pregunta-resposta.
- Transposición a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de catro a oito compases na que se inclúan inversións de acordes. Trátase de avaliar o grao de adquisición por parte do/a alumno/a do dominio por igual de todas as tonalidades de forma estruturada.
- Realización práctica dun acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía proposta. Trátase de avaliar a capacidade do/a alumno/a para crear de xeito funcional, rápida e persoal un soporte harmónico-rítmico a unha melodía dada. Empregarase a análise como ferramenta básica para descubrir os procedementos habituais así coma un grao de liberdade amplo que permita ao/á alumno/a propoñer as súas propias opcións.
- Lectura harmónica dun fragmento sinxelo de partitura para teclado. Este criterio permitiranos avaliar os coñecementos analíticos do/a alumno/a no que atinxe á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado na eliminación do que non sexa esencial dende o punto de vista harmónico.
- Lectura dun fragmento sinxelo de partitura de cuarteto vocal. No referente á lectura de partituras de cuarteto vocal nas claves antigas avaliarase a capacidade do/a alumno/a para recoñecer acordes, cualificalos e codificalos, dun xeito útil á hora de levar a cabo a lectura a vista dos mesmos.
- Realización dun dossier de traballos no caderno no que se inclúan os exercicios de creación de melodías aplicadas ós esquemas harmónicos propostos na clase e os



acompañamentos melódicorítmicos realizados para as melodías propostas.

- Repentización de baixos cifrados no teclado que inclúan acordes triadas coas inversións e sétima de dominante coas inversións.

### 9.1.3.2. Mínimos esixibles

- Lectura a primeira vista de partituras sinxelas (nivel aproximado de 4º G.E) e transporte a tonalidades ata tres alteracións.
- Práctica de secuencias harmónicas de a lo menos oito compases utilizando os acordes indicados nos contidos e aplicando patróns rítmicos en tonalidades ata dúas alteracións e os seus relativos menores.
- Traballos de melodía acompañada (12 melodías mínimo) aplicando diferentes patróns rítmicos e esquemas harmónicos segundo o obxectivo a acadar.
- Baixos cifrados (mínimo 15 baixos) que inclúan acordes triadas coas inversións e sétima de dominante coas inversións.

### 9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

**1. Procedementos de avaliación: a avaliación será continua e polo tanto diaria tendo en conta os seguintes aspectos:**

- **Análise dos coñecementos, habilidades**, aptitudes, destrezas e valores que os/as alumnos/as aprenderon
- Observación da súa soltura na imitación de modelos: lectura, interpretación, creación, etc.
- Inducir ao/á alumno/a a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións axudándolle a comparalas.

**2. Ferramentas de avaliación:**

- Informes que cada día o/a profesor/a recolle no seu diario de clase sobre:
  - Os progresos do/a alumno/a.
  - A actitude do alumno ou alumna.
  - Análise dos seus traballos de clase.
  - Asimilación dos contidos do curso.
  - Adquisición das destrezas necesarias para levar a cabo os contidos.
  - A súa participación e comportamento nas clases.
- As probas específicas que se consideren necesarias.



#### **9.1.3.4 Criterios de cualificación**

- Lectura, análise e transporte 40% da nota.
- Melodía acompañada e secuencias harmónicas 30% da nota.
- Baixo cifrado 30% da nota.





#### **9.1.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O procedemento para a concesión de ampliación de matrícula será o recollido no PEC.

O alumnado proposto para ampliación de matrícula deberá superar unha proba de RTA que consistirá nun ou varios exercicios de cada un dos catro apartados nos que se divide a materia (lectura a vista, análise e transporte, lectura de corais, baixo cifrado e melodía acompañada).

A cualificación outorgada corresponderá á suma da parte proporcional da nota obtida en cada un deses apartados (25% lectura a vista, análise e transporte, 25% corais, 25% baixo cifrado e 25% acompañamento).

#### **9.1.5. Medidas de recuperación**

Trimestralmente o/a alumno/a será informado verbalmente da situación da súa aprendizaxe e das posibles correccións que deba levar a cabo para mellorar o seu desenvolvemento. Os pais recibirán un informe trimestral da traxectoria dos seus fillos no que se incluírán os comentarios que o/a profesor/a estime oportunos.

As seguintes medidas de recuperación serán de aplicación no caso de que o/a alumno/a non acade a cualificación mínima para aprobar por non ter cumpridos os obxectivos mínimos, e tamén no caso de perda de avaliación continua.

##### **9.1.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

- O alumnado que non acade a cualificación mínima de 5 na primeira ou segunda avaliación será informado ó longo do curso das medidas de recuperación adecuadas segundo o caso como pode ser a asistencia a titorías, clases de reforzo, fichas de exercicios de reforzo, recuperación de traballos atrasados, etc.



- O alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a dúas probas, unha en xuño e outra en setembro. 9.1.5.2 Proba ordinaria de xuño

Realizarase nos dez días anteriores á avaliación do terceiro trimestre.

Poderán acollerse a esta tódolos/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua por non asistencia a clase durante o curso ou teñan acumuladas un número de faltas igual ou superior ás estipuladas no regulamento interior do centro no terceiro trimestre.

Os/As alumnos/as que desexen acollerse a este dereito deberán avisar ó profesor ou profesora da materia teórico-práctica por mediación do titor ou titora que teñan adxudicados para o presente curso, durante as datas e segundo o protocolo establecidos polo centro para tal fin.

Os/As alumnos/as serán cualificados polo/a seu/súa profesor ou profesora logo de realizada a proba, proba á que poderán asistir outros/as profesores/as do departamento en calidade de observadores coordinados pola xefatura do mesmo, que á súa vez actuará en coordinación coa xefatura de estudos.

O alumnado implicado deberá realizar unha proba teórico-práctica en unha ou varias sesións en datas e horas que se indicarán no momento oportuno. Dita proba constará de varias partes correspondentes ás distintas seccións de contidos da programación vixente para o presente curso, tendo en conta os obxectivos e criterios de avaliación reflectidos na mencionada programación.

O alumnado deberá demostrar o seu coñecemento de todos e cada un dos contidos mínimos (tamén reflectidos na programación) do curso correspondente.

Procedemento da proba:

O alumnado implicado realizará un ou varios exercicios de cada un dos catro apartados nos que se divide a materia (lectura e transporte, baixo cifrado e melodía acompañada).

Cualificación do exame de xuño:

A cualificación outorgada corresponderá á media ponderada da nota obtida en cada un deses apartados (40% lectura e transporte, 30% baixo cifrado e 30% melodía acompañada).

### **9.1.5.3 Probas extraordinarias de setembro**

O alumnado que na avaliación de xuño non acade a cualificación mínima de 5 por non ter cumprido cos mínimos esixibles terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de setembro.

Os/As alumnos/as serán cualificados polo/a seu/súa profesor ou profesora da materia pendente logo de realizado un exame.

Nesta proba os alumnos e alumnas deberán demostrar o coñecemento de todos aqueles conceptos que estean especificados no correspondente informe que irá anexo ó boletín de cualificacións de xuño. No devandito anexo estará especificado tamén o proce-



demento do exame. O alumnado deberá acollerse ós libros de texto vixentes durante o curso. Os criterios de cualificación serán os mesmos que na convocatoria de xuño.

#### **9.1.6. Recursos didácticos**

- Método de acompañamiento improvisado de López Artiga
- 101 ejercicios para la práctica de la repentización al piano de Asíns – Arbó
- Ejercicios de acompañamiento de Manuel Oltra
- Doupond (metodo de transposición)
- Romero, Alfonso: Ejercicios de transposición y repentización
- Molina, Emilio: Improvisación al piano vols. I y II. Ed. Real Musical
- Santacana, Benjamín: El piano a primera vista
- Asíns Arbó, Miguel: Teoría y práctica del bajo cifrado en su realización al piano. Ed. Real Musical 1985
- Williard, Camilo: Tratado de acompañamiento. Ed. Real Musical 1981
- Varios autores: Cursos de repentización vol. I. Textos y grabaciones pedagógico- musicales, S.L., Madrid, 1979.
- Tobin, R. : How to improvise piano accompaniments. Real Musical
- Baixo barroco de Fenarolli
- Escuela del bajo continuo de López Artiga (Real Musical)
- Teoría y práctica del bajo continuo de María Lluisa Cortada (Dinsic).



## 9.2. Curso: 5º de grao profesional

### 9.2.1. Obxectivos

- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras analizando e recoñecendo a súa estrutura harmónica, seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
- Improvisar unidades formais a partires dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partires ou non dun baixo cifrado.

### 9.2.2. Contidos

#### Improvisación

##### *Harmónico-rítmica*

- Exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade, utilizando diversas posicións dos acordes nunha extensión de 4 a 8 compases. • Acordes a empregar: Triadas Maiores, menores e acordes de 7ª de dominante (dominante principal e secundarias). O acorde de 7ª diminuída.
- Variantes rítmicas: compases de 3/4, 2/4, 4/4 y 6/8, utilizando todas as células rítmicas posibles.
- Tonalidades: Ata cinco alteracións cos seus relativos menores
- Procesos de modulación: Cambio de modo, flexión modulante pola dominante, por progresión.
- Procesos cadenciais: cadencias perfecta, imperfecta, rota, plagal, semicadencia.
- Exercicios coas diferentes combinacións dos acordes, nunha extensión de catro a oito compases e utilizando unha harmonía por compás.



- Acompañamentos harmónico-rítmicos a una melodía proposta. Se traballará de dous xeitos diferentes:
  - O propio alumno toca a melodía coa man dereita e se acompañará coa esquerda.
  - O/A alumno/a realizará o acompañamento coas dúas mans e o/a profesor/a tocará ó mesmo tempo a melodía.
- Creación de melodías aplicadas ós esquemas harmónicos propostos na clase e os acompañamentos melódico-rítmicos realizados para as melodías propostas.

### **Melódica**

- Desenvolvemento melódico en base a unha estrutura harmónica.
- Notas reais e de adorno: estudo das notas de paso e floreo, apoiaturas e anticipacións, e a súa aplicación práctica nos exercicios.

### **Análise e Repentización**

#### **Análise**

- Análise formal, harmónica e rítmico-melódica de partituras de cuarteto de corda do período clásico e aplicación de fórmulas de redución de partituras.
- Elaboración dun pequeno catálogo de fórmulas de redución.

#### **Repentización e transposición**

- Lectura a vista e transporte de pezas sinxelas (nivel de 1º GP) partindo dunha análise previa.
- Práctica e transporte de estruturas harmónicas nas tonalidades ata cinco alteracións.
- Coñecementos teóricos: claves, armaduras, diferenzas e a súa utilidade práctica. • Relación dos instrumentos transpositores coa redución de partituras de cámara ou orquestra.

#### **Cifrado harmónico**

- Coñecemento e práctica: dos acordes de sétima sobre o segundo grao: estado fundamental e inversións, Dominantes secundarias, acordes de sétimas diatónicas en estados fundamentais e inversións.
- Tonalidades: Ata cinco alteracións
- Procesos de modulación: Por dominante secundaria.
- Relación a través de diferentes partituras entre os distintos cifrados.
- Práctica de todo o anterior en baixos cifrados.
- Ornamentación e improvisación: Coñecemento e práctica das notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos nos baixos cifrados.
- Práctica de todo o anterior dentro de baixos cifrados cunha estrutura formal de tipo



A.B.A, nos que poder aplicar as nocións de variación melódica ou rítmica e ornamentación.

### 9.2.3. Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo/a propio/a profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexeráse por unha serie de principios xerais como son:

- Obxetividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística.
- Transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica.
- Accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

#### 9.2.3.1. Criterios de avaliación

- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado en partituras dun nivel de 1º curso de grao profesional. Mediante este criterio se valorará a capacidade do/a alumno/a para utilizar a análise como ferramenta básica para comprender harmonicamente unha obra e poder determinar os diferentes tratamentos a que está sometida polo/a compositor/a.
- Realización práctica dunha estrutura de catro a oito compases, semicadencial ou de cadencia perfecta, levala a cabo con diferentes tratamentos rítmicos. Este criterio permite avaliar a capacidade do/a alumno/a para realizar de forma práctica e instrumental esquemas harmónicos cadenciais breves, empregando para elo acordes en estado fundamental e partindo como modelo de traballo da análise de fragmentos de partituras que conteñan precisamente este tipo de procesos. Tamén se poderá valorar a capacidade do/a alumno/a para utilizar a análise como ferramenta básica.
- Superposición a unha estrutura harmónica de catro a oito compases doutra estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta - resposta. Este criterio pretende avaliar a capacidade do/a alumno/a para crear, a partir de estruturas harmónicas dadas, diferentes estruturas melódicas consecuentes ás mesmas, así coma a súa habilidade para organizar de xeito lóxico o fraseo resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que poidan organizarse en forma de pregunta-resposta.
- Transposición a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de catro a oito compases na que se inclúan inversións de acordes. Trátase de avaliar o grao de adquisición por parte do alumno do dominio por igual de tódalas tonalidades de forma estru-



turada.

- Realización práctica dun acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía proposta. Trátase de avaliar a capacidade do/a alumno/a para crear de xeito funcional, rápida e persoal un soporte harmónico-rítmico a unha melodía dada. Empregarase a análise como ferramenta básica para descubrir os procedementos habituais así coma un grao de liberdade amplo que permita ao/á alumno/a propoñer as súas propias opcións.
- Lectura harmónica dun fragmento sinxelo de partitura para teclado. Este criterio permitiranos avaliar os coñecementos analíticos do/a alumno/a no que atinxe á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado na eliminación do que non sexa esencial dende o punto de vista harmónico.
- Realización de baixos cifrados que conteñan acordes triadas, 7<sup>a</sup> de dominante, 7<sup>a</sup> sobre o segundo grao coas inversións, cadencia dobre e inicio de traballos de imitación e ornamentación.
- Realización dun dossier de traballos no caderno no que se inclúan os exercicios de creación de melodías aplicadas ós esquemas harmónicos propostos na clase e os acompañamentos melódicorítmicos realizados para as melodías propostas.

### **9.2.3.2. Mínimos esixibles**

- Lectura nas claves antigas de a lo menos 8 corais co seu traballo de análise.
- Traballo de redución ó piano dun cuarteto de corda do clasicismo enteiro ou do seu equivalente en fragmentos.
- Lectura a primeira vista de partituras sinxelas (nivel aproximado de 1º G.P) e transporte a tonalidades ata catro alteracións.
- Práctica de secuencias harmónicas de a lo menos oito compases utilizando os acordes indicados nos contidos e aplicando patróns rítmicos en tonalidades ata catro alteracións e os seus relativos menores.
- Traballos de melodía acompañada (12 melodías mínimo) aplicando diferentes patróns rítmicos e esquemas harmónicos segundo o obxectivo a acadar.
- Baixos cifrados (mínimo 15 baixos) que inclúan sétima de dominante coas inversións, sétima de segundo grado e inicio de ornamentación.

### **9.2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación**

1. Procedementos de avaliación: a avaliación será continua e polo tanto diaria tendo en conta os seguintes aspectos:
  - Análise dos coñecementos, habilidades, aptitudes, destrezas e valores que os/as alumnos/as aprenderon.
  - Observación da súa soltura na imitación de modelos: lectura, interpretación, creación, etc.



- Inducir ao/á alumno/a a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións axudándolle a comparalas.

## 2. Ferramentas de avaliación:

- Informes que cada día o/a profesor/a recolle no seu diario de clase sobre:
  - Os progresos do/a alumno/a.
  - A actitude do alumno ou alumna.
  - Análise dos seus traballos de clase.
  - Asimilación dos contidos do curso.
  - Adquisición das destrezas necesarias para levar a cabo os contidos.
  - A súa participación e comportamento nas clases.
- As probas específicas que se consideren necesarias.

### **9.2.3.4. Criterios de cualificación**

- Lectura, análise e transporte 40% da nota
- Melodía acompañada 30% da nota
- Baixo cifrado 30% da nota

### **9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O procedemento para a concesión de ampliación de matrícula será o recollido no PEC.

O alumnado proposto para ampliación de matrícula deberá superar unha proba de RTA que consistirá nun ou varios exercicios de cada un dos catro apartados nos que se divide a materia (lectura a vista, análise e transporte, lectura de corais e cuartetos, baixo cifrado e melodía acompañada).

A cualificación outorgada corresponderá á suma da parte proporcional da nota obtida en cada un deses apartados (40% lectura a vista, análise e transporte, 30% baixo cifrado e 30% acompañamento).

### **9.2.5. Medidas de recuperación**

Trimestralmente o/a alumno/a será informado verbalmente da situación da súa aprendizaxe e das posibles correccións que deba levar a cabo para mellorar o seu desenvolvemento. Os pais recibirán un informe trimestral da traxectoria dos seus fillos no que se incluírán os comentarios que o/a profesor/a estime oportunos.

As seguintes medidas serán de aplicación no caso de que o/a alumno/a non acade a cualificación mínima para aprobar por non ter cumpridos os obxectivos mínimos, e tamén no caso de perda de avaliación continua.





### 9.2.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

- O alumnado que non acade a cualificación mínima de 5 na primeira ou segunda avaliación será informado ó longo do curso das medidas de recuperación adecuadas segundo o caso como pode ser a asistencia a titorías, clases de reforzo, fichas de exercicios de reforzo, recuperación de tarefas atrasadas, etc.
- O alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a dúas probas, unha en xuño e outra en setembro.

### 9.2.5.2. Probas ordinarias de xuño

Se realizará nos dez días anteriores á avaliación do terceiro trimestre.

Poderán acollerse a esta todos/as os/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua por non asistencia a clase durante o curso ou teñan acumuladas un número de faltas igual ou superior ás estipuladas no regulamento interior do centro.

Os alumnos ou alumnas que desexen acollerse a este dereito deberán avisar ó profesor ou profesora da materia teórico-práctica por mediación do titor ou titora que teñan adxudicados para o presente curso, durante as datas e segundo o protocolo establecidos polo centro para tal fin.

Os/As alumnos/as serán cualificados polo seu profesor ou profesora logo de realizada a proba, proba á que poderán asistir outros/as profesores/as do departamento en calidade de observadores coordinados pola xefatura do mesmo, que á súa vez actuará en coordinación coa xefatura de estudos. A mencionada proba terá formato de exame e o resultado extraído da súa cualificación será a nota final do curso do alumno ou alumna acollido a este sistema.

O alumnado implicado deberá realizar unha proba teórico-práctica en unha ou varias sesións en datas e horas que se indicarán no momento oportuno. Dita proba constará de varias partes correspondentes ás distintas seccións de contidos da programación vixente para o presente curso, tendo en conta os obxectivos e criterios de avaliación reflectidos na mencionada programación (dispoñible na páxina web do centro, na conserxería ou solicitándoa directamente á xefatura de departamento).

O alumnado deberá demostrar o seu perfecto coñecemento de todos e cada un dos contidos mínimos (tamén reflectidos na programación) do curso correspondente.

Procedemento da proba.

O alumnado implicado realizará un ou varios exercicios de cada un dos catro apartados nos que se divide a materia (lectura e transporte, baixo cifrado e melodía acompañada).



Cualificación do exame de xuño:

A cualificación outorgada corresponderá á media ponderada da nota obtida en cada un deses apartados (40% lectura e transporte, 30% baixo cifrado e 30% melodía acompañada).

### **9.2.5.3. Probas extraordinarias de setembro**

O alumnado que na avaliación de xuño non acade a cualificación mínima de 5 por non ter cumprido cos mínimos esixibles terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de setembro.

Os/As alumnos/as serán cualificados polo seu profesor ou profesora da materia pendente logo de realizado un exame. A proba será elaborada polo departamento e será a mesma para todo o alumnado do mesmo curso que realice a proba extraordinaria.

Nesta proba os alumnos e alumnas deberán demostrar o coñecemento de tódolos aqueles conceptos que estean especificados no correspondente informe que irá anexo ó boletín de cualificacións de xuño. No devandito anexo estará especificado tamén o procedemento do exame. O alumnado deberá acollerse ós libros de texto vixentes durante o curso. Os criterios de cualificación serán os mesmos que na convocatoria de xuño.

### **9.2.6. Recursos didácticos**

- Método de acompañamiento improvisado de López Artiga
- 101 ejercicios para la práctica de la repentización al piano de Asíns – Arbó • Ejercicios de acompañamiento de Manuel Oltra
- Doupond (metodo de transposición)
- Romero, Alfonso: Ejercicios de transposición y repentización
- Molina, Emilio: Improvisación al piano vols. I y II. Ed. Real Musical
- Santacana, Benjamín: El piano a primera vista
- Asíns Arbó, Miguel: Teoría y práctica del bajo cifrado en su realización al piano. Ed. Real Musical 1985
- Willliart, Camilo: Tratado de acompañamiento. Ed. Real Musical 1981
- Varios autores: Cursos de repentización vol. I. Textos y grabaciones pedagógico- musicales, S.L., Madrid, 1979.
- Tobin, R. : How to improvise piano accompaniments. Real Musical
- Baixo barroco de Fenarolli
- Escuela del bajo continuo de López Artiga (Real Musical)
- Teoría y práctica del bajo continuo de María Lluisa Cortada (Dinsic)



## 9.3. Curso: 6º de grao profesional

### 9.3.1. Obxectivos

- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras analizando e recoñecendo a súa estrutura harmónica, seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
- Improvisar unidades formais a partires dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partires ou non dun baixo cifrado.

### 9.3.2. Contidos

#### Improvisación

##### ***Harmónico-rítmica***

- Exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade, utilizando diversas posicións dos acordes nunha extensión de 8 a 16 compases.
- Acordes a empregar: cuatriadas: 7ª sobre cada un dos graos da escala maior e menor e emprego de dominantes principal e secundarias.
- Variantes rítmicas: compases de 3/4, 2/4, 4/4 y 6/8, utilizando todas as células rítmicas posibles.
- Tonalidades: Ata sete alteracións cos seus relativos menores
- Procesos de modulación: Cambio de modo, flexión modulante pola dominante, por progresión.
- Procesos cadenciais: cadencias perfecta, imperfecta, rota, plagal, semicadencia. • Exercicios coas diferentes combinacións dos acordes, nunha extensión de 8 a 16



compases e utilizando unha harmonía por compás.

- Acompañamentos harmónico-rítmicos a una melodía proposta. Se traballará de dous xeitos diferentes:
  1. O/A propio/a alumno/a toca a melodía coa man dereita e se acompañará coa esquerda.
  2. O/A alumno/a realizará o acompañamento coas dúas mans e o/a profesor/a tocará ó mesmo tempo a melodía.
- Creación de melodías aplicadas ós esquemas harmónicos propostos na clase e os acompañamentos melódico-rítmicos realizados para as melodías propostas.

### **Melódica**

- Desenvolvemento melódico en base a unha estrutura harmónica.
- Notas reais e de adorno: estudo das notas de paso e floreo, apoiaturas, retardos e anticipacións, e a súa aplicación práctica nos exercicios.

### **Análise e Repentización**

#### **Análise**

- Análise formal, harmónica e rítmico-melódica de partituras de orquestra do período clásico e aplicación de fórmulas de redución de partituras.

#### **Repentización e transposición**

- Lectura a vista e transporte de pezas sinxelas (nivel de 2º GP) partindo dunha análise previa.
- Práctica e transporte de estruturas harmónicas nas tonalidades ata sete alteracións.
- Coñecementos teóricos: claves, armaduras, diferenzas e a súa utilidade práctica.

#### **Cifrado harmónico**

- Coñecemento e práctica dos acordes de sétima: estado fundamental e inversións, dominantes secundarias, acordes apoiatura (4-3, 7-6, 9-8)
- Tonalidades: Ata sete alteracións
- Procesos de modulación: Por dominante secundaria.
- Relación a través de diferentes partituras entre os distintos cifrados.
- Práctica de todo o anterior en baixos cifrados.
- Ornamentación e improvisación: Coñecemento e práctica das notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos nos baixos cifrados.
- Práctica de todo o anterior dentro de baixos cifrados cunha estrutura formal de tipo A.B.A, nos que poder aplicar as nocións de variación melódica ou rítmica e ornamentación.



### 9.3.3. Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo/a propio/a profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerese por unha serie de principios xerais como son:

- Obxetividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística.
- Transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica.
- Accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse soamente á cualificación trimestral ou final.

#### 9.3.3.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera dos/as alumnos/as nun momento determinado respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais e específicos, neste caso, os propios da Educación Auditiva e Vocal.

O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, non debe ser medido de forma mecánica, se non con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumnado (curso formativo no que se encontra, así como as súas propias características e posibilidades).

- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado en partituras dun nivel de 2º de grao profesional. Mediante este criterio se valorará a capacidade do/a alumno/a para utilizar a análise como ferramenta básica para comprender harmonicamente unha obra e poder determinar os diferentes tratamentos a que está sometida polo compositor.
- Realización práctica dunha estrutura de oito a dezaseis compases, semicadencial ou de cadencia perfecta, levala a cabo con diferentes tratamentos rítmicos. Este criterio permite avaliar a capacidade do/a alumno/a para realizar de forma práctica e instrumental esquemas harmónicos cadenciais breves, empregando para elo acordes en estado fundamental e partindo como modelo de traballo da análise de fragmentos de partituras que conteñan precisamente este tipo de procesos. Tamén se poderá valorar a capacidade do/a alumno/a para utilizar a análise como ferramenta básica.
- Superposición a unha estrutura harmónica de catro a oito compases doutra estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta - resposta. Este criterio preten-



de avaliar a capacidade do/a alumno/a para crear, a partir de estruturas harmónicas dadas, diferentes estruturas melódicas consecuentes ás mesmas, así coma a súa habilidade para organizar de xeito lóxico o fraseo resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que poidan organizarse en forma de pregunta-resposta.

- Transposición a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de catro a oito compases na que se inclúan inversións de acordes. Trátase de avaliar o grao de adquisición por parte do/a alumno/a do dominio por igual de tódalas tonalidades de forma estruturada.
- Realización práctica dun acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía proposta. Trátase de avaliar a capacidade do/a alumno/a para crear de xeito funcional, rápida e persoal un soporte harmónico-rítmico a unha melodía dada. Empregarase a análise como ferramenta básica para descubrir os procedementos habituais así coma un grao de liberdade amplo que permita ao/á alumno/a propoñer as súas propias opcións.
- Lectura harmónica dun fragmento sinxelo de partitura para teclado. Este criterio permitiranos avaliar os coñecementos analíticos do/a alumno/a no que atinxe á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado na eliminación do que non sexa esencial dende o punto de vista harmónico.
- Realización de baixos cifrados que conteñan acordes triadas, 7ª coas inversións, cadencia dobre e inicio de traballos de imitación e ornamentación.
- Realización dun dossier de traballos no caderno no que se inclúan os exercicios de creación de melodías aplicadas ós esquemas harmónicos propostos na clase e os acompañamentos melódicorítmicos realizados para as melodías propostas.

### **9.3.3.2. Mínimos esixibles**

Debe cumprirse integramente a totalidade do exposto a continuación:

- Lectura nas claves antigas de a lo menos 8 corais co seu traballo de análise.
- Lectura a primeira vista de partituras sinxelas (nivel aproximado de 2º G.P) e transporte a tonalidades ata sete alteracións.
- Práctica de secuencias harmónicas de a lo menos oito compases utilizando os acordes indicados nos contidos e aplicando patróns rítmicos en tonalidades ata sete alteracións e os seus relativos menores.
- Traballos de melodía acompañada (12 melodías mínimo) aplicando diferentes patróns rítmicos e esquemas harmónicos segundo o obxectivo a acadar.
- Baixos cifrados (mínimo 12 baixos) que inclúan sétimas en tódolos graos, apoiaturas, cadencia dobre e traballo de imitación e ornamentación.

### **9.3.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación**

1. Procedementos de avaliación: a avaliación será continua e polo tanto diaria tendo en



conta os seguintes aspectos:

- Análise dos coñecementos, habilidades, aptitudes, destrezas e valores que os/as alumnos/as aprenderon
- Observación da súa soltura na imitación de modelos: lectura, interpretación, creación, etc.
- Inducir ao//á alumno/a a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións axudándolle a comparalas.

2.Ferramentas de avaliación:

- Informes que cada día o/a profesor/a recolle no seu diario de clase sobre:
  - Os progresos do/a alumno/a.
  - A actitude do alumno ou alumna.
  - Análise dos seus traballos de clase.
  - Asimilación dos contidos do curso.
  - Adquisición das destrezas necesarias para levar a cabo os contidos.
  - A súa participación e comportamento nas clases.
- As probas específicas que se consideren necesarias.

#### **9.3.3.4. Criterios de cualificación**

- Lectura, análise e transporte 40% da nota
- Melodía acompañada 30% da nota
- Baixo cifrado 30% da nota

#### **9.3.4.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O procedemento para a concesión de ampliación de matrícula será o recollido no PEC.

O alumnado proposto para ampliación de matrícula deberá superar unha proba de RTA que consistirá nun ou varios exercicios de cada un dos catro apartados nos que se divide a materia (lectura a vista, análise e transporte, baixo cifrado e melodía acompañada).

A cualificación outorgada corresponderá á suma da parte proporcional da nota obtida en cada un deses apartados (40% lectura a vista, análise e transporte, 30% baixo cifrado e 30% acompañamento).

#### **9.3.5.Medidas de recuperación**

Trimestralmente o/a alumno/a será informado verbalmente da situación da súa aprendizaxe e das posibles correccións que deba levar a cabo para mellorar o seu desenvolvemento. Os pais recibirán un informe trimestral da traxectoria dos/as seus/súas fillos/as no que se incluírán os comentarios que o/a profesor/a estime oportunos.



As seguintes medidas de recuperación serán de aplicación no caso de que o/a alumno/a non acade a cualificación mínima para aprobar por non ter cumpridos os obxectivos mínimos, e tamén no caso de perda de avaliación continua.

#### **9.3.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios**

- O alumnado que non acade a cualificación mínima de 5 na primeira ou segunda avaliación será informado ó longo do curso das medidas de recuperación adecuadas segundo o caso como pode ser a asistencia a titorías, clases de reforzo, fichas de exercicios de reforzo, recuperación de traballos atrasados, etc.
- O alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a dúas probas, unha en xuño e outra en setembro.

#### **9.3.5.2. Proba ordinaria de xuño**

Se realizará nos dez días anteriores á avaliación do terceiro trimestre.

Poderán acollerse a esta todo os/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua por non asistencia a clase durante o curso ou teñan acumuladas un número de faltas igual ou superior ás estipuladas no regulamento interior do centro.

Os alumnos ou alumnas que desexen acollerse a este dereito deberán avisar ó profesor ou profesora da materia teórico-práctica por mediación do titor ou titora que teñan adxudicados para o presente curso, durante as datas e segundo o protocolo establecidos polo centro para tal fin.

Os/As alumnos/as serán cualificados polo seu profesor ou profesora logo de realizada a proba, proba á que poderán asistir outros/as profesores/as do departamento en calidade de observadores coordinados pola xefatura do mesmo, que á súa vez actuará en coordinación coa xefatura de estudos. A mencionada proba terá formato de exame e o resultado extraído da súa cualificación será a nota final do curso do alumno ou alumna acollido a este sistema.

O alumnado implicado deberá realizar unha proba teórico-práctica en unha ou varias sesións en datas e horas que se indicarán no momento oportuno. Dita proba constará de varias partes correspondentes ás distintas seccións de contidos da programación vixente para o presente curso, tendo en conta os obxectivos e criterios de avaliación reflectidos na mencionada programación (dispoñible na páxina web do centro, na conserxería ou solicitándoa directamente á xefatura de departamento).

O alumnado deberá demostrar o seu perfecto coñecemento de todos e cada un dos contidos mínimos (tamén reflectidos na programación) do curso correspondente.

Procedemento da proba

O alumnado implicado realizará un ou varios exercicios de cada un dos apartados nos que se divide a materia (lectura e transporte, coral, baixo cifrado e melodía acompañada).





Cualificación do exame de xuño:

A cualificación outorgada corresponderá á media ponderada da nota obtida en cada un deses apartados (40% lectura e transporte, 30% baixo cifrado e 30% melodía acompañada).

### **9.3.5.3. Probas extraordinarias de setembro**

O alumnado que na avaliación de xuño non acade a cualificación mínima de 5 por non ter cumprido cos mínimos esixibles terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de setembro.

Os/As alumnos/as serán cualificados polo seu profesor ou profesora da materia pendente logo de realizado un exame. A proba será elaborada polo departamento e será a mesma para todo o alumnado do mesmo curso que realice a proba extraordinaria.

Nesta proba os alumnos e alumnas deberán demostrar o coñecemento de todos aqueles conceptos que estean especificados no correspondente informe que irá anexo ó boletín de cualificacións de xuño. No devandito anexo estará especificado tamén o procedemento do exame. O alumnado deberá acollerse ós libros de texto vixentes durante o curso. Os criterios de cualificación serán os mesmos que na convocatoria de xuño.

### **9.3.6. Recursos didácticos**

- Método de acompañamiento improvisado de López Artiga
- 101 ejercicios para la práctica de la repentización al piano de Asíns-Arbó
- Ejercicios de acompañamiento de Manuel Oltra
- Doupond (metodo de transposición)
- Romero, Alfonso: Ejercicios de transposición y repentización
- Molina, Emilio: Improvisación al piano vols. I y II. Ed. Real Musical
- Santacana, Benjamín: El piano a primera vista
- Asíns Arbó, Miguel: Teoría y práctica del bajo cifrado en su realización al piano. Ed. Real Musical 1985
- Williard, Camilo: Tratado de acompañamiento. Ed. Real Musical 1981
- Varios autores: Cursos de repentización vol. I. Textos y grabaciones pedagógico-musicales, S.L., Madrid, 1979.
- Tobin, R. : How to improvise piano accompaniments. Real Musical
- Baixo barroco de Fenarolli
- Escuela del bajo continuo de López Artiga (Real Musical)
- Teoría y práctica del bajo continuo de María Lluisa Cortada (Dinsic)



## 10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento desta materia para avaliar a nosa programación didáctica tere-mos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo



## **11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.



## 12. Anexos

### 12.1. Probas de acceso a outros cursos do grao profesional (5º e 6º cursos)

#### 12.1.1. Normativa Xeral

*(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)*

Artigo 12º.-Acceso a outros cursos

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

Esta proba constará de dous exercicios:

1. Interpretación, no instrumento, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte, e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá una cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

2. Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá una cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

*(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)*

Capítulo III. PROBAS DE ACCESO

Artigo 9º.-

Os/As aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/a aspirante á praza.



### 12.1.2. Acceso ao 5º curso do grao profesional. Piano

Esta proba consistirá no seguinte:

- a) O /A deberá realizar unha lectura a primeira vista dunha obra proposta polo tribunal. (Ex.: Op. 299 C. Czerny, Album da xuventude de P. I. Tchaikovsky)
- b) O/A aspirante deberá transportar no piano un fragmento proposto polo tribunal a unha distancia de 2º maior ou menor, ascendente ou descendente. (Ex. Método de Transposición de Doupond; Tratado de acompañamento de Camille Willaert)
- c) O/A aspirante deberá interpretar un baixo cifrado proposto polo tribunal no que poderá atopar todos os acordes maiores e menores e as súas inversións (Ex. Método teórico práctico del bajo cifrado de Asins Arbó)
- d) O/A aspirante deberá realizar no piano unha improvisación proposta polo tribunal en modo maior ou menor cunha estrutura harmónica dada na que poderá atopar todos os graos da escala (Improvisación al piano de E. Molina)

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo precisa unha cualificación mínima de cinco puntos para superala. Cada apartado se cualificará da seguinte forma:

- a) O apartado A: ----- máximo 3 puntos
- b) O apartado B: ----- máximo 3 puntos
- c) O apartado C: ----- máximo 3 puntos
- d) O apartado D: ----- máximo 1 puntos

Unha vez obtidos os resultados das probas doutras materias que o/a aspirante deba realizar, a proba complementaria suporá no seu conxunto un total do 30 % da nota final.

#### 12.1.2.1. Criterios de avaliación

- Ter unha lectura a primeira vista solvente.
- Amosar capacidade para realizar un acompañamento de oito compases sobre un esquema melódico-armónico dado.
- Transportar a distancias de segunda ascendentes ou descendentes de pequenos fragmentos musicais con alteracións accidentais.
- Amosar creatividade e soltura a hora de facer unha improvisación.

### 12.1.3. Acceso ao 6º curso do grao profesional. Piano

Esta proba consistirá no seguinte:

- a) O/A aspirante deberá transportar no piano un fragmento proposto polo tribunal a unha distancia de 3ª maior ou menor, ascendente ou descendente, e tamén realizar un transporte cromático ascendente ou descendente do mesmo. (Ex. Método de Transposición de Doupond; Tratado de acompañamento de Camille Willaert)



- b) O/A aspirante deberá realizar no piano unha improvisación proposta polo tribunal en modo maior ou menor cunha estrutura harmónica dada na que poderá atopar todos os grados da escala, a dominante da dominante, o acorde de 7ª disminuída e a 6ª e 4ª cadencial
- c) O/A aspirante deberá realizar unha lectura a primeira vista dunha obra proposta polo tribunal. (Ex.: Op. 299 C. Czerny)
- d) O/A aspirante deberá interpretar un baixo cifrado proposto polo tribunal no que poderá atopar todos os acordes maiores e menores e as súas inversións, o acorde de 5ª disminuída e as súas inversións, o acorde de 7ª de dominante e as súas inversións e a 6ª e 4ª cadencial (Teoría e práctica do baixo cifrado de Asíns Arbó)

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo precisa unha cualificación mínima de cinco puntos para superala. Cada apartado se cualificará da seguinte forma:

- a) O apartado A:-----máximo 3 puntos
- e) O apartado B: ----- máximo 2 puntos
- f) O apartado C: ----- máximo 3 puntos
- g) O apartado D: ----- máximo 2 puntos

Unha vez obtidos os resultados das probas doutras materias que o/a aspirante deba realizar, a proba complementaria suporá no seu conxunto un total do 30 % da nota final.

#### **12.1.3.1. Criterios de avaliación**

- Ter unha lectura a primeira vista solvente.
- Amosar a capacidade de realizar acompañamentos de oito compases sobre un esquema melódico-armónico dado.
- Ser capaz de realizar un baixo cifrado con acordes en fundamental, primeira e segunda inversión.
- Amosar a capacidade de realizar transportes a distancia de terceira de fragmentos musicais curtos con alteracións accidentais.
- Amosar creatividade e soltura na realización de improvisacións a partir dun esquema armónico dado.

#### **12.1.4. Acceso ao 6º curso do grao profesional. Guitarra**

Esta proba consistirá no seguinte:

- a) O/A deberá realizar unha lectura a primeira vista dunha obra proposta polo tribunal. (Ex.: Op. 299 C. Czerny, Album da xuventude de P. I. Tchaikovsky)
- b) O/A aspirante deberá transportar no piano un fragmento proposto polo tribunal a unha distancia de 2º maior ou menor, ascendente ou descendente.



- c) Ex. exercicios de transporte –Tratado de Transposición DUPOND; Tratado de acompañamento de Camille Willaert
- d) O/A aspirante deberá interpretar un baixo cifrado proposto polo tribunal no que poderá atopar todos os acordes maiores e menores e as súas inversións.

Ex. de exercicios de baixos cifrados:

- a) O/A aspirante deberá realizar no piano unha improvisación proposta polo tribunal en modo maior ou menor cunha estrutura harmónica dada na que poderá atopar todos os graos da escala.
- b) Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo precisa unha cualificación mínima de cinco puntos para superala.
- c) Unha vez obtidos os resultados das probas doutras materias que o aspirante deba realizar, a proba complementaria suporá no seu conxunto un total do 30 % da nota final.

#### **12.1.4.1. Criterios de avaliación**

- Ter unha lectura a primeira vista solvente.
- Realizar un acompañamento de oito compases sobre un esquema melódico-harmónico dado.
- Transportar a distancias de segunda ascendentes ou descendentes de pequenos fragmentos musicais con alteracións accidentais.
- Amosar creatividade e soltura a hora de facer unha improvisación.

## **12.2. Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais**

<b>Indicadores</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Nota</b>
Hábito postural e control da respiración	20 %	
Adecuación á partitura	20 %	
Calidade do son e/ou afinación	20 %	
Interpretación	25 %	
Actitude	15 %	